



Ao Conselleiro de Innovación e Industria
D. Fernando Xabier Blanco Álvarez
Consellería de Innovación e Industria
Complexo Administrativo, San Lázaro
15781- Santiago de Compostela

Fernando Lahuerta Mouriño, con DNI -----, en calidade de Director da Sección de Medio Ambiente do Instituto de Estudos Miñoranos, e con enderezo a efectos de notificación no Apartado nº 30, 36380- Gondomar.

EXPÓN:

que sometido a exposición pública o proxecto “PARQUE EÓLICO ALBARIÑO I. CONCELLOS DE BAIONA, GONDOMAR, OIA E TOMIÑO. (Expediente IN661A 07/1-4)”.

Desde esta Asociación queremos facer as seguintes alegacións ao devandito proxecto.

1. Na situación actual de cambio climático entendemos que a produción de enerxía mediante aerogeneradores é un xeito significativo e positivo de contribuír á redución das emisións de dióxido de carbono á atmosfera. Pero entendemos tamén que esta diminución necesaria da emisión de CO₂ non debe ser a custa da perda doutros valores ambientais presentes no territorio, e debe ser sempre parella a accións dirixidas a reducir as emisións procedentes de fontes clásicas, así como a políticas e programas dirixidos ao aforro e á redución do consumo enerxético.
2. Os aerogeneradores e a infraestrutura necesaria para a súa construción e explotación, especialmente aqueles a situar no Alto da Gabiñeira, modificaran gravemente a superficie a ocupar. Esta modificación leva



consigo a perda do valor xeolóxico e didáctico deste lugar como resto da “*superficie de aplanamento superior*” desenvolvida ao longo da era Terciaria, trastocada e levantada durante os movementos tectónicos da Oroxenia Alpina que afectaron á codia continental galega.

3. Os aeroxeneradores, especialmente os situados no Alto da Gabiñeira e na Boca da Groba, converteranse dada a súa situación orográfica nos elementos máis destacables da paisaxe do Val Miñor e perdendo esta unha parte importante da súa naturalidade hoxe xa afectada por outras construcións (Polígono do Porto do Molle) e infraestruturas (Autoestrada) creadas no Val. Esta perda de naturalidade non contribúe á potenciación dunha industria turística baseada no medio natural e no desenvolvemento sostible.
4. O parque eólico Albariño 1, invade diferentes Hábitats de Especial Protección recollidos na Directiva de Hábitats da Comunidade Europea :
 - *Prados sobre substrato turboso (Cód. 7150)*
 - *Gándaras húmidas (Cód. 4020)*
 - *Formacións herbosas con Nardus (Cód. 6230)*
 - *Gándaras secas europeas (Cód. 4030)*
 - *Vexetación casmofítica de pendentes rochosas (Cód. 8220)*
 - *Pastos pioneiros en superficies rochosas (Cód. 8230)*

Invasión e conseguinte destrución que non parece congruente co explicitado na Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de marzo, relativa á Conservación dos Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, que establece a necesidade de conservación destes tipos de Hábitats Naturais de Interese Comunitario, para o cal indica a necesidade de designar Zonas Especiais de Conservación.

5. O Parque eólico preténdese construír nunha área habitada, entre outras, polas seguintes especies de morcegos: *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, e *Myotis myotis*. **Todas** elas Especies de Interese Comunitario segundo o Anexo II: Especies Animais e Vexetais de Interese Comunitario, da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de marzo, relativa á Conservación dos Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, para as que en razón da súa conservación é preciso designar Zonas Especiais de Conservación.



6. O Estudo de Impacto Ambiental non contempla a existencia na zona de poboacións de *Nardus stricta*, definindo esta especie un Hábitat Prioritario segundo os anexos do RD 1193/1998, de 12 de xuño, polo que se modifica o RD 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre.

Cuestións todas estas que solicitamos se tomen en consideración para non permitir a instalación do devandito Parque Eólico Albariño I, ou que en todo caso os parámetros da súa instalación sexan modificados de tal xeito que non provoque unha perda máis sobre os valores naturais e a biodiversidade galega, en xeral, e a do Val Miñor en particular.

En Nigrán a 29 de Agosto de 2007.

Fernando Lahuerta Mouriño.